

CDU ILUSTRADA

0 Xeneralidades

- 02 Bibliotecas, Libros, Lectura
- 03 Dicionarios, Enciclopedias
- 08 Mapas

1 Filosofía

- 15 Psicoloxía
- 37 Ética, Moral

2 Religión

- 26 Cristianismo
- 29 Outras relixións

3 Ciencias Sociais

- 31 Demografía
- 32 Política
- 33 Dereito, Economía
- 34 Dereito
- 35 Goberno
- 36 Consumo
- 37 Educación, Tempo libre
- 38 Turismo
- 39 Folclore, Tradicións

4 Baleiro

5 Matemáticas, Ciencias Naturais

- 51 Matemáticas
- 52 Astronomía
- 53 Física
- 54 Química, Minerais
- 55/59 Ciencias Naturais
- 57 Vida
- 58 Plantas
- 59 Animais

6 Medicina, Tecnoloxía

- 61 Medicina, Saúdo, Corpo humano
- 62 Exercicio, Traballo, Máquinas
- 63 Agricultura, Gandería
- 64 Economía doméstica
- 65 Industrias, Comercio, Transportes
- 67 Oficinas
- 69 Construcións

7 Arte, Música, Xogos, Deportes

- 71 Urbanismo, Xaridos
- 72 Arquitectura
- 73 Escultura
- 74 Debuxo
- 75 Pintura
- 76 Artes gráficas, Gravado
- 77 Fotografía
- 78 Música
- 79 Xogos, Deportes, Espectáculos, Cine

8 Lingüas, Literatura

- 81 Lingüas
- 82 Literatura
- 82-P Poesía
- 82-T Teatro
- 82-N Narrativa
- 82-E Ensaios
- 82-C Outros textos, Cómico

9 Xeografía, Biografía, Historia

- 91 Xeografía, Viaxes
- 92 Biografía
- 93 Historia

Bibliotecas escolares de Galicia

XUNTA DE GALICIA

NORMAS DE FUNCIONAMENTO DA BIBLIOTECA



CEIP Plurilingüe "Ribadavia"
Curso 2018-2019

Á volta das vacacións de Nadal, o día **08 de Xaneiro de 2019**, terá lugar a REAPERTURA DA BIBLIOTECA do CEIP Ribadavia.

A incorporación da mesma no PLAMBE e no plan LÍA, entre outros, permitiunos levar a cabo una ardua tarefa de reconstrución da mesma, adaptándoa ás novas esixencias educativas en canto a fondos documentais e a infraestruturas.

HORARIO:

- De luns a venres de 11:40h-12:10h e de 15:00h-17:00h.

NORMAS XERAIS DA BIBLIOTECA:

- Farase uso do carné da biblioteca para o servizo de préstamo.
- Deberase gardar o maior silencio posible para non molestar aos demais.
- Non se poderá comer nin beber na biblioteca.
- Para facer consultas ou ler na propia biblioteca poderán collerse os libros que se precise deixándoos ao remate no lugar correspondente.
- Coidarase o material da biblioteca en xeral para que todos poidamos gozar da mesma.
- Os ordenadores utilizaranse unicamente para consulta, procura de información ou realización dun traballo. (tempo máximo: 30 minutos se hai outros usuarios agardando).
- Antes de facer uso dos mesmos deberá pasarse polo punto de rexistro situado na mesa do/a mestre/a encargado/a. (Deixarase constancia do nome do alumno/a, número de ordenador que utiliza, data e tarefa a realizar)
- No caso de perda dalgún libro ou outro material de préstamo o usuario deberá ou ben repoñelo ou ben aboar o seu importe.
- Antes de saír da biblioteca deixarase o material empregado no lugar correspondente.

SERVIZO DE PRÉSTAMO:

- Poderanse levar 1 ou 2 libros máximo por un período de 15 días renovables.
- É obrigatorio presentar o carné no momento do préstamo e/ou devolución.
- Se se incumpren reiteradamente os prazos de devolución, poderá perderse o dereito a levar libros mentres se considere oportuno.
- Dicionarios e revistas científicas non formarán parte do servizo de préstamo.

CAIXA DE CORREO:

- A biblioteca é cousa de todas e de todos, por iso contamos coa túa colaboración para melloralala. Fainos chegar as túas ideas ou suxerencias a través da caixa de correo da biblioteca.

ORGANIZACIÓN DA BIBLIOTECA:

A biblioteca está distribuída atendendo a catro zonas ben diferenciadas:

- Zona de primeiros lectores.
- Zona de consulta informática.
- Zona de lectura e consulta.
- Zona de usos múltiples (ludoteca).

Os libros están distribuídos por materias seguindo a **Clasificación Decimal Universal (CDU)**, colocados por orde alfabética segundo o apelido da autora ou do autor e levan no seu lombo una etiqueta que che axudará a localizalo no andel. Por exemplo:

82P-G GAR ven	Nº da CDU Antonio García Teijeiro Ventos
---------------------	------------------------------------------------

Este tellato correspondería a un libro de Literatura (**CDU: 82**), **P** de Poesía e **G** de que está escrito en Lingua Galega. As tres primeiras letras maiúsculas corresponderíanse coas iniciais do apelido do autor e as tres letras minúsculas seguintes farían referencia ao título do libro sen artigo.

En canto ao reparto de libros por andéis, distinguiredes tres cores asignadas sa seguinte maneira:

- **Cor vermella:** primeiros lectores.
- **Cor verde:** lectores autónomos.
- **Cor amarela:** lectores avanzados.

As novidades serán presentadas de forma notoria nun lugar habilitado na biblioteca para tal fin.

Ouliña, realizada por *M^a José Míguez Martínez*, é a nova mascota da biblioteca. Informará de concursos, exposicións e demais actividades organizadas dende a mesma.

Lembrede que a biblioteca constitúe o motor do noso centro e do seu rendemento.